

**C.P.I. PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO
(Boqueixón)**

DEPARTAMENTO

DE

FRANCÉS

Programación didáctica

Curso 2021/2022

Xefa de Departamento: Eva González Rodríguez

ÍNDICE

PÁX.

1)	<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</u> ➤ O CENTRO E O ALUMNADO..... ➤ COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	4 4 5
2)	<u>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</u>	6
3)	<u>OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA</u>	9
4)	<u>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 1º CURSO E.S.O.</u> - Obxectivos - Contidos - Actividades de aprendizaxe - Temporalización - Criterios de avaliación - Estándares de aprendizaxe - Mínimos esixibles - Procedementos e instrumentos de avaliación - Competencias clave - Contidos sintáctico-discursivos	11
5)	<u>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 2º CURSO E.S.O.</u> - Obxectivos - Contidos - Actividades de aprendizaxe - Temporalización - Criterios de avaliación - Estándares de aprendizaxe - Mínimos esixibles - Procedementos e instrumentos de avaliación - Competencias clave - Contidos sintáctico-discursivos	25
6)	<u>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 3º CURSO E.S.O.</u> - Obxectivos - Contidos - Actividades de aprendizaxe - Temporalización - Criterios de avaliación - Estándares de aprendizaxe - Mínimos esixibles - Procedementos e instrumentos de avaliación - Competencias clave - Contidos sintáctico-discursivos	39
7)	<u>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 4º CURSO E.S.O.</u> - Obxectivos - Contidos - Actividades de aprendizaxe - Temporalización - Criterios de avaliación - Estándares de aprendizaxe - Mínimos esixibles - Procedementos e instrumentos de avaliación - Competencias clave - Contidos sintáctico-discursivos	54

ÍNDICE

PÁX.

8)	METODOLOXÍA 8.1) Metodoloxía de traballo no caso de ensino presencial 8.2) Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia	69
9)	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	71
10)	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	72
11)	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	72
12)	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	73
13)	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE	78
14)	PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR	79
15)	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	80
16)	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	81
17)	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	82
18)	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	86
19)	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	87
20)	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	88
21)	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	94
22)	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	98
23)	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	99



1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación didáctica baséase na **normativa** que se indica a continuación:

- Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG do 8 de agosto de 2017), polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato nos centros docentes de Galicia.
- Resolución do 17 de xuño de 2021 (DOG do 30 de xuño de 2021), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polos seus obxectivos lingüísticos, culturais e intelectuais, o ensino do Francés na E.S.O. contribúe de maneira específica á formación xeral dos alumnos, xa que consolida e profunda os coñecementos do ensino primario.

O aumento das relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade fundamental na sociedade actual.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira dá acceso a outras culturas, a outras maneiras de pensar, a outros valores. Aprender pois unha lingua estranxeira é aprender a respectar aos outros na súa diferenza; é adquirir o sentido do relativo e o espírito da tolerancia.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira implica tamén unha toma de conciencia progresiva do seu funcionamento; esta reflexión sobre a lingua contribúe a desenvolver as facultades conceptuais e favorece a autonomía de expresión. É un proceso continuo que se desenvolve e perfecciona ao longo dunha vida.

No ensino secundario tratarase, sobre todo, de construír uns coñecementos mínimos de competencias para un enriquecemento progresivo e unha referencia constante do que o/a alumno/-a aprendeu. Estes coñecementos mínimos que reflicten os obxectivos da aprendizaxe do Francés para o ensino secundario poderíamolos resumir nunha comprensión oral e escrita (dentro de niveis de comunicación da vida cotiá). Sen embargo, eses coñecementos non terán o seu verdadeiro valor se esquecemos que todo acto de comunicación auténtico non pode levarse a cabo sen ter en conta os parámetros sociolingüísticos e culturais do país (ou países) no(-s) que se utiliza a lingua que estamos a ensinar.

Deste xeito, podemos dicir que é necesario que o alumnado adquira ao mesmo tempo que unha serie de competencias lingüísticas un coñecemento do/-s outro/-s país/-es para decatarse de que aprender unha lingua estranxeira é tamén aprender a respectar, a diferenciar e a ser tolerantes cos demais.

O CENTRO E O ALUMNADO

O C.P.I.P. Antonio Orza Couto é un centro de titularidade pública financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se imparte docencia a alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e **Educación Secundaria Obligatoria**. Nesta última etapa o número total de alumnos/-as durante o presente ano académico é de **104**, repartidos/-as nos seguintes grupos:

- 1º E.S.O.-A: 23 alumnos/-as
- 2º E.S.O.-A: 15 alumnos/-as
- 2º E.S.O.-B: 16 alumnos/-as
- 3º E.S.O.-A: 26 alumnos/-as
- 4º E.S.O.-A: 24 alumnos/-as

O centro está situado nun entorno rural, a 15 quilómetros da cidade de Santiago de Compostela. Practicamente a totalidade do alumnado depende do transporte escolar para o seu traslado ao mesmo.

Con respecto ao alumnado que cursa a materia de Francés, podemos dicir que en xeral os alumnos e as alumnas xa van tendo un certo nivel neste idioma estranxeiro, coa excepción dos recén incorporados a esta materia (é dicir, o alumnado de 1º de E.S.O.).

A distribución do alumnado que cursa **Francés (Segunda Lingua Estranxeira)** durante este ano académico, así como o número de sesións semanais para cada grupo queda como se indica a continuación:

GRUPO	Nº DE ALUMNOS/-AS	SESIÓNS SEMANAIS
1º ESO-A	23	2
2º ESO-A	11	2
2º ESO-B	16	2
3º ESO-A	20	2
4º ESO-A	5	3
	TOTAL: 75 alumnos/-as	Total: 11 sesións

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Durante este ano académico no C.P.I. Plurilingüe Antonio Orza Couto o Departamento de Francés está formado por unha soa profesora que completa o seu horario impartindo Latín en 4º E.S.O. (3 sesións semanais), Valores Éticos en 3º e 4º de E.S.O. (2 sesións semanais) e exercendo a función de coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Xefa do Departamento: **Eva González Rodríguez.**

O horario lectivo semanal é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.50	2ºB-FR		1º-FR	4º-FR	GARDA
9.50-10.40	3º-FR		2ºA-FR	4º-LATÍN	1º-FR
(R) 10.40-10.55					
10.55-11.45	GARDA	4º-LATÍN	4º-FR	2ºA-FR	Coord. Equipo Activ. Extraesc.
11.45-12.35	Coord. Equipo Activ. Extraesc.	3º-VAL.ÉT.			4º-LATÍN
(R) 12.35-12.50	Garda de Biblioteca	Garda de Biblioteca			Garda de Biblioteca
12.50-13.40	4º-VAL.ÉT.	GARDA			Atención ás familias
13.40-14.30	4º-FR	2ºB-FR			3º-FR
14.30-15.45					
15.45-16.35					
16.35-17.25					

2) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS CLAVE:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia de Francés como Segunda Lingua Estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística (CCL)** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos a citada capacidade comunicativa do alumnado. A súa aprendizaxe, baseada nas habilidades comunicativas, contribúe ao desenvolvemento da devandita competencia no mesmo sentido en que o fai a primeira lingua estranxeira e as linguas maternas. A achega da segunda lingua estranxeira ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, e mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A materia de francés contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender (CAA)** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Esta competencia faise enormemente rendible se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar como aprende mellor e que estratexias son máis eficaces. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a segunda lingua estranxeira ao longo da vida.

Esta materia é unha boa facilitadora do desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas (CSC)**. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións pero tamén, en gran medida, son vehículo de transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese, a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Na segunda lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas, e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorece aprender de e cos demais.

As tres competencias que acabamos de citar están en relación directa coa **competencia dixital (CD)**. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do francés facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua (á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos doutros lugares), creando contextos reais, comunicativos e funcionais de interacción oral e escrita. Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia, e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

O currículo de francés inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais propias da lingua e dos países nos que se fala; xa que logo, contribúe a adquirir a **competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)** ao propiciar a paulatina aproximación a obras, monumentos, composicións ou autores que contribuíron á creación artística e histórica. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao facilitar a expresión das opinións, gustos e emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e ao favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información, análise, realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular a segunda lingua estranxeira ao coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas contribuirá ao desenvolvemento da citada competencia.

O coñecemento da lingua francesa contribúe tamén á adquisición da **competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Aínda que poida parecer que a materia de francés pouco ou nada contribúe a conseguir a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**, a realidade é que a súa achega é moi importante. Non hai que esquecer a importancia que teñen as metodoloxías baseadas no ensino de contidos non lingüísticos en lingua estranxeira (seccións europeas, seccións bilingües...). Os alumnos aprenden lingua estranxeira *facendo e traballando* outros contidos, de modo que practican aspectos como o vocabulario específico das distintas ciencias, a descrición de procesos naturais, lecturas comprensivas de textos de contido científico ou proxectos interdisciplinarios ou europeos.

Dende a área de francés contribúese á adquisición das competencias clave mediante a adquisición, á súa vez, das seguintes subcompetencias:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- 1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.
- 1.2. Ser quen de escoitar, falar e conversar en francés.
- 1.3. Ser quen de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe axeitada a cada situación.
- 1.4. Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- 1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- 1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.

2. *Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*

- 2.1. Utilizar e relacionar as cifras para interpretar diferentes tipos de informacións e datos estatísticos.
- 2.2. Identificar e utilizar os elementos matemáticos de base en situación real ou simulada da vida cotiá.
- 2.3. Tomar conciencia da influencia que as persoas teñen sobre o medio no que viven, para fomentar o respecto, a protección e a mellora da natureza.
- 2.4. Capacidade de observación e interacción co mundo natural para facilitar a comprensión de fenómenos físicos e do mundo que nos rodea.

3. *Competencia dixital (CD)*

- 3.1. Acceder a todo tipo de información que se pode atopar en francés.
- 3.2. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en intercambios.
- 3.3. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

4. *Competencias sociais e cívicas (CSC)*

- 4.1. Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- 4.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
- 4.3. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- 4.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos outros, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e cos outros.

5. *Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)*

- 5.1 Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
- 5.2 Realizar representacións de simulacións e narracións.

6. *Competencia para aprender a aprender (CAA)*

- 6.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- 6.2 Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
- 6.3 Ser consciente da importancia da atención, da concentración, da memoria, da comprensión, etc. para afrontar o reto da aprendizaxe.

7. *Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*

- 7.1. Ser quen de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual coma grupal.
- 7.2. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, autoavaliación, conclusións e posibles melloras.

Todas estas competencias e subcompetencias poñen en xogo diversas estratexias e empréganse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades nas que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado coa interacción social cotiá), persoal (relacións familiares e prácticas sociais individuais), laboral ou educativo. O alumnado utilizará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática co fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (*falar, conversar e escribir*), receptivas (*escoitar e ler*) e baseadas na interacción ou na mediación.

A aprendizaxe do francés proporcionaralle ao alumno non só unhas competencias para poder comunicar senón que tamén lle proporcionará uns coñecementos culturais e sociais da cultura cuxa lingua está estudando que lle axudarán a conformar unha personalidade aberta e tolerante cara ao diferente. Conseguirase desta maneira a formación integral do individuo.

3) OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4) PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: 1º E.S.O.

A materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 1º E.S.O.								
Bloque 1: Comprensión de textos orais								
OBJECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	- Participación por parellas en diálogos breves.	Todo o curso.	B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Completo	- Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CD CAA CCEC
		- Audición de textos orais sinxelos. - Visionado de vídeos nos que se presentan situacións da vida cotiá con intervencións			SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	Completo	- Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC
				B1.2. Usar estratexias				

<p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>breves e sinxelas dos personaxes protagonistas.</p> <p>- Comprensión das consignas e instrucións habituais de aula.</p> <p>- Actividades de verdadeiro ou falso.</p> <p>- Audicións de cancións en lingua francesa.</p> <p>- Interacción alumno/profesor na realización/respuesta de preguntas básicas.</p>		<p>básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se</p>	<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>Completo</p> <p>Completo</p>	<p>- Proba oral.</p> <p>- Traballo individual.</p> <p>- Traballo en parella/grupo.</p> <p>- Xogos/actividades lúdicas.</p> <p>- Observación na aula.</p> <p>- Proba oral.</p> <p>- Traballo individual.</p> <p>- Traballo en parella/grupo.</p> <p>- Xogos/actividades lúdicas.</p> <p>- Observación na aula.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
---	--	--	---	--	---------------------------------	---	---

				fala moi amodo e con moita claridade. B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.				
--	--	--	--	--	--	--	--	--

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 1º E.S.O.

Bloque 2: Producción de textos orais

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i	B2.1. Estratexias de produción: * Planificación: - Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa * Execución:	- Exercicios de repetición/imitación de frases e estruturas sinxelas. - Uso de fórmulas moi básicas na vida cotiá da aula: saúdos, despedidas, agradecementos, preguntas... - Breves e sinxelos	Todo o curso.	B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Completo	- Proba oral. - Tralado individual. - Tralado en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CD CAA CCEC
					SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	Completo	- Proba oral. - Tralado individual. - Tralado en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC CD

<ul style="list-style-type: none"> - Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos <p>* Lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase 	<p>diálogos entre alumnos/-as ou profesor(-a)/alumno(-a) para practicar os contidos traballados previamente na aula.</p> <p>- Realización de preguntas sinxelas para obter informacións básicas.</p>		<p>básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>				
	<p>- Realización dunha proba oral.</p>	<p>Finais do 3º trimestre.</p>	<p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CCL CAA CCEC CD</p>	
			<p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CCL CAA CCEC</p>	

<p>dun termo ou expresión.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. <p>* Paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. <ul style="list-style-type: none"> -Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>							
---	--	--	--	--	--	--	--

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 1º E.S.O.								
Bloque 3: Comprensión de textos escritos								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos 	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura de textos e diálogos sinxelos. - Comprensión de enunciados e consignas. - Actividades de verdadeiro ou falso. - Lectura comprensiva de textos da vida cotiá (invitacións, avisos, etiquetas, billetes de transporte, carteis...). 	Todo o curso.	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CCEC CD
					<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CCEC
					<p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CCEC
					<p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CCEC CD

elementos.								
B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.				B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.				

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 1º E.S.O.

Bloque 4: Producción de textos escritos

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: a) Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos	- Anotacións no caderno persoal (apuntamentos e explicacións do/da profesor/-a). - Redacción de textos sinxelos a partir de modelos estruturados e baseándose nos contidos traballados previamente na aula. - Actividades de completar ocós. - Actividades de	Todo o curso.	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	Completo	- Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC CD
					SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	Completo	- Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC CD
					SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.	Completo	- Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual.	CCL CAA CCEC

<p>coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>b) Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). <p>c) Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e 	<p>verdadeiro ou falso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios moi básicos nos que se solicite información persoal. - Participación nun intercambio de correspondenci a escrita con alumnos/-as franceses/-as estudantes de español. - Realización das probas escritas / exames. 		<p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Tralado en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. <ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Tralado individual. - Tralado en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
---	---	--	---	--	-----------------	---	---

repetición.								
- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.								
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).								
- Reescritura definitiva.								

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 1º E.S.O.								
Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i o	B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. - Sons e fonemas vocálicos. -Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos máis básicos. -Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas. - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da	- Actividades de pronunciación (alfabeto, sons particulares, nasais...) e entonación. - Uso habitual das convencións básicas propias da lingua francesa (saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, agradecementos ...). - Proxectos en parellas ou en grupo (realización de	Todo o curso.	B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Completo	- Proba oral. - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC CD
					SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	Completo	- Proba oral. - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC CD
					SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	É suficiente con que poida explicalo dun xeito moi sinxelo.	- Actividades do "Cahier d'exercices". - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula.	CCL CAA CCEC

a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>a) Planificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. <p>b) Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, 	<ul style="list-style-type: none"> - Anotacións no caderno persoal (apuntamentos e explicacións do/da profesor/-a). - Redacción de textos xa dunha certa complexidade a partir de modelos estruturados e baseándose nos contidos traballados previamente na aula. - Actividades de completar ocós. - Actividades de verdadeiro ou falso. - Cuestionarios nos que se solicite información persoal. - Participación nun intercambio de correspondencia escrita con alumnos/-as 	Todo o curso.	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CSC CCEC CD
					<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CSC CCEC CD

<p>conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. 	<p>franceses/-as estudantes de español.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Actividades do "Cahier d'exercices" que complementa o libro de texto. - Realización das probas escritas / exames. 		<p>en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>				
<p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.).</p>	<p>- Ficha de lectura obrigatoria.</p>	<p>Inicio do 2º trimestre.</p>		<p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>c) Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 				<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>Completo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

FRANCÉS (Segunda Lingua Estranxeira) 4º E.S.O.								
Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe								
OBXEC-TIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
a c d i o	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sons e fonemas vocálicos. -Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos máis básicos. -Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de pronunciación (sons particulares, nasais...), ritmo e entonación. - Uso habitual das convencións básicas propias da lingua francesa (saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, agradecementos ...). - Proxectos en parellas ou en grupo (realización de pósters, exposicións, búsquedas de informacións...). - Uso das TIC para realizar achegas á cultura e civilización francófona. - Visionado de fragmentos de películas e documentais. 	Todo o curso.	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CD CCEC
					<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. - Proba escrita. - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CSC CCEC CD
					<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	É suficiente con que poida explicalo dun xeito moi sinxelo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo individual. - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CSC CCEC
					<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do "Cahier d'exercices". - Traballo en parella/grupo. - Xogos/actividades lúdicas. - Observación na aula. 	CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE
					<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de</p>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Proba oral. 	CCL

<p>linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>-Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>- Identificación de</p>	<p>- Audicións de cancións en lingua francesa.</p>		<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no</p>	<p>necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>- Proba escrita.</p> <p>- Actividades do "Cahier d'exercices".</p> <p>- Traballo individual.</p> <p>- Traballo en parella/grupo.</p> <p>- Xogos/actividades lúdicas.</p> <p>- Observación na aula.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
---	--	--	---	--	---	-----------------------------------

<p>similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>- Expresión do coñecemento, o</p>			<p>centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixes persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>				
---	--	--	--	--	--	--	--

<p>descoñecemento e a certeza.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. -Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. -Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, 							
---	--	--	--	--	--	--	--

<p>expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>							
---	--	--	--	--	--	--	--

Francés 4ºESO (Contidos sintáctico-discursivos)

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement...mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).
- Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
- Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).
- Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
- Interrogación (*Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).
- Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/deseo (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).

Francés 4ºESO (Contidos sintáctico-discursivos)

- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)*); o grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome "y").
 - Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier,*); duración (*encore / ne...plus*); anterioridade (*déjà, ça fait...que*); posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).
- Expresión do modo: (*Adv. de manière en –ment*).

8) METODOLOXÍA

8.1) Metodoloxía de traballo no caso de ensino presencial

Como principio xeral, o/a profesor/-a será quen guíe no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este proceso sexa efectivo, é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesorado debe recordalos e actualalos de maneira sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos.

A aprendizaxe levarase a cabo unhas veces por achega de contidos de forma ordenada por parte do/da profesor/-a, e outras veces por descubrimento por parte do propio alumnado. É importante ter en conta o grao de motivación, xa que afecta directamente ao rendemento; para incrementalo convén facer explícita a utilidade dos contidos que se están a traballar.

A realización de tarefas en grupo facilita o intercambio de experiencias e a cooperación; para asegurar o éxito das mesmas é fundamental elixir ben a actividade e o momento para facela en grupo.

A aprendizaxe da lingua francesa debe ser un proceso consciente. Neste sentido, propóñense unha serie de tarefas que teñen como obxectivo non só facer ao alumnado consciente de se aprende ou non, ou de ata que punto e como desenvolve dita aprendizaxe, senón tamén aportarlle consellos, ideas e estratexias concretas para axudalo no seu proceso de aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender, sempre tendo en conta que deberá de ser o/a propio/-a alumno/-a quen decida que consellos poden resultarlle útiles e cales non.

Metodoloxía específica para o tratamento das catro destrezas:

a) A comprensión oral.

Sobre todo nos primeiros anos da E.S.O., nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, establécese nun primeiro momento o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao significado: para chegar a comprender, é importante que o/a alumno/-a sexa obxecto dunha exposición á lingua o máis ampla e variada posible (gravacións, o/a profesor/-a, os/as demais compañeiros/-as, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de significado que irá verificando mediante a interacción.

Este procedemento de someter ao alumnado a actividades de comprensión oral mantense ao longo de toda a etapa educativa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento a medida que se avanza de curso.

Existen diferentes estratexias para facilitar a comprensión oral: soportes icónicos, axuda da lingua materna, “transparencia” das palabras, xestos, vídeos, novas tecnoloxías, etc.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, discriminación auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, clasificación de información en táboas, actividades de verdadeiro ou falso, ditados, toma de apuntamentos, etc.

b) A comprensión escrita.

Trabállanse diferentes tipos de textos escritos:

- Os textos que acompañan a cada unidade e que serven para introducir as estruturas e o vocabulario.
- Textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descrições, cancións, diálogos, etc.) que serven para presentar o vocabulario e as estruturas e para as actividades de consolidación dos coñecementos.
- Breves narracións que buscan captar o interese do/da alumno/-a e fomentar o seu desexo de ler polo simple pracer de facelo.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, actividades de relacionar, de verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco, clasificación de informacións, etc.

c) A expresión oral.

Trátase de estimular o uso da lingua francesa na aula mediante unha grande variedade de actividades para a práctica da expresión oral: individuais, por parellas, en pequeno grupo e en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros como co/coa profesor/-a. Estas actividades sempre están dirixidas para que os/as alumnos/-as consigan progresivamente unha real competencia comunicativa.

As actividades do libro proporcionan ao alumnado un gran apoio na realización das diversas tarefas, por exemplo, animándoos a tomar notas sobre o que van dicir antes de comezar a falar, a usar o vocabulario e as expresións destacadas nos recadros ou proporcionándolles varios modelos e inicios de conversa.

O /A profesor/-a pode escribir no encerado as palabras e expresións que os/as alumnos/-as deben utilizar; tamén é moi útil realizar unha chuvia de ideas con todo o alumnado da clase para repasar o vocabulario e as estruturas, así como os exercicios de repetición.

Existe unha grande variedade de actividades complementarias de consolidación, sendo de gran axuda os soportes audiovisuais e informáticos.

d) A expresión escrita.

Actividades guiadas nas que se proporcionan modelos ou pautas do tipo:

- “*Continue la chanson...*”, “*Écris des phrases...*”, “*Complète avec...*”, “*Écoute et complète...*”, “*Écris les verbes...*”, “*Dessine une affiche...*”, “*Écris des phrases sur...*”, “*Écris la liste de...*”

- Actividades libres, cartas, receitas de cociña, breves redaccións, proxectos, carteis, etc.

Para asegurar a existencia dun lector para os dous tipos de actividades de expresión escrita, aconséllase a lectura de textos escritos polos/-as alumnos/-as en grupos, a elaboración de murais e exposicións, así como a avaliación e crítica construtiva ou votación entre o alumnado.

8.2) Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia

En caso de ter que recorrer ao ensino a distancia, preténdese que a metodoloxía sexa activa e participativa a través da **aula virtual** do centro, onde se publicarán materiais e tarefas de diversa índole.

A periodicidade das publicacións será, por norma xeral, semanal; o prazo para a realización das tarefas terá en conta o grao de dificultade das mesmas, procurando que o alumnado dispoña do tempo suficiente para levalas a cabo.

As tarefas serán supervisadas e corrixidas pola profesora e, nas que o requiran, levarán unha cualificación para que o alumnado poida facerse unha idea dos aspectos a mellorar.

Procurarase que a comunicación entre alumnado e profesorado sexa o máis fluída posible.

O **alumnado con conectividade** poderá seguir as clases de Francés a través da aula virtual, que permite o intercambio de mensaxes a través de comentarios privados ou do correo electrónico asociado. Ademais, o alumnado terá a oportunidade de resolver dúbidas dun xeito máis directo grazas ás sesións por videoconferencia programadas pola profesora.

En caso de que haxa **alumnado sen conectividade** ou que non estea localizable porase en marcha o protocolo establecido: informar ao/á titor/-a para que coordine un plan de recuperación.

Ademais, o Departamento de Francés porase en contacto coa familia do alumnado afectado a través de diversos medios (correo electrónico, Abalarmóbil ou chamada telefónica) e facilitaralle ao/á alumno/-a o material necesario para que poida seguir as clases, buscando unha alternativa á aula virtual.

As actividades que se levarán a cabo en caso de ter que recorrer ao ensino a distancia estarán baseadas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles sinaladas anteriormente:

- Actividades de comprensión escrita: resumo e/ou cuestionarios sobre textos de diversa índole (diálogos, artigos de prensa, relatos, etc.).
- Actividades de expresión escrita: redaccións, respostas a cuestionarios, creación de textos seguindo unhas pautas establecidas.
- Actividades de comprensión oral: cuestionarios baseados nun vídeo ou arquivo de audio.
- Actividades de expresión oral: gravación dun audio sobre un tema concreto.
- Exercicios de vocabulario.
- Exercicios de gramática.
- Traballos de investigación relacionados con aspectos culturais dos países francófonos.

9) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas exclusivamente lingüísticas resultan hoxe moi limitadas. Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe **o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, as tarefas realizadas na casa, os cadernos persoais, así como as probas escritas e orais que se fan ao longo do curso**, todo baixo unha **observación sistemática e continuada** levada a cabo polo profesorado.

A avaliación debe axudarlles aos/-ás alumnos/-as a coñecer os seus logros, as súas dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade no alumnado, de forma que sexan cada vez máis autónomos na súa aprendizaxe e de axudarlle ao profesor á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/-a dende o seu nivel inicial. É tamén unha fonte de información moi importante para o profesor xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades formuladas polos/-as alumnos/-as; isto todo é fundamental para unha axeitada atención á diversidade.

Finalmente, a función sumativa da avaliación avalía a competencia comunicativa do/da alumno/-a con respecto aos obxectivos establecidos, o que se traduce en cualificacións.

10) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación dos que se botará man ao longo do curso son os seguintes:

- **Probas escritas** despois de cada unidade didáctica, tomando como base o *Cahier d'évaluations*. Este caderno ofrece varios tipos de avaliacións para que o/a profesor/-a dispoña de numerosas posibilidades á hora de proceder a avaliar:
 - Avaliación inicial
 - Avaliación das unidades sobre dous niveis de dificultade
 - Avaliacións trimestrais sobre dous niveis de dificultade
 - Avaliación final sobre dous niveis de dificultade
 - Avaliación do DELF Junior
- **Proba oral** ao final de cada trimestre.
- **Actividades do “Cahier d'exercices”** que o/a profesor/-a terá en conta á hora de recompilar todos os datos necesarios para establecer o progreso do alumnado.
- **Traballos individuais** que permiten comprobar o aprendido e obter así unha visión global dos coñecementos.
- **Traballos en parella ou en grupo** que permiten a colaboración do alumnado e a interacción de diferentes niveis de coñecementos tanto de contidos lingüísticos coma de obxectivos comunicativos.
- Non debemos esquecer diferentes **xogos e actividades de carácter lúdico** que lle servirán ao/á profesor/-a para lograr unha maior información sobre o progreso do alumnado.
- **Observación na aula** que permite avaliar os procesos de aprendizaxe no momento que se producen, de xeito que o profesorado poida advertir os coñecementos, as habilidades, as actitudes e os valores que posúe o alumnado e de que maneira os utiliza nunha situación determinada.

11) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. O momento idóneo para a realización desta avaliación inicial é o comezo de curso.

Tendo en conta que a maioría do alumnado ten o seu primeiro contacto coa lingua francesa en 1º curso de E.S.O., a única avaliación inicial que se levará a cabo nese curso será unha **sondaxe para averiguar se algún alumno/-a ten coñecementos previos deste idioma.**

Nos demais cursos de E.S.O. (2º, 3º e 4º), o alumnado deberá realizar unha **proba escrita** ou, naqueles grupos nos que se poida dispoñer de equipos informáticos, unha **proba en formato dixital** na que aparecerán cuestións sobre os contidos abordados durante o curso anterior:

- Un exercicio de comprensión oral (a partir dun audio, responder a cuestións sinxelas sobre o mesmo ou completar unha actividade de “verdadeiro ou falso”).
- Exercicios de gramática.
- Exercicios de vocabulario.
- Breve texto para traducir de francés a galego ou castelán (e/ou viceversa).

MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

No caso do alumnado de 1º de E.S.O. que, trala sondaxe, manifeste ter coñecementos previos de lingua francesa, proporcionarlle material complementario naqueles casos nos que os contidos abordados sexan excesivamente básicos, coa fin de evitar que perda a motivación pola materia.

No caso de 2º, 3º e 4º de E.S.O., os resultados da devandita proba servirán para sentar unha base sobre aqueles contidos que deberán ser revisados de xeito colectivo, en caso de que sexa preciso, durante as primeiras sesións do ano académico.

Se algún alumno/-a precisa levar a cabo unha revisión máis pormenorizada, o Departamento de Francés entregarlle material de apoio (fichas de repaso, actividades, etc.) e fará un seguimento exhaustivo do seu caso.

12) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Superarán a materia na convocatoria ordinaria de xuño aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha **media aritmética igual ou superior a 5** a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso.

Superarán a materia na convocatoria extraordinaria aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha **cualificación igual ou superior a 5** na proba que deberán realizar en dita convocatoria e na que se incluírán contidos traballados ao longo de todo o ano académico.

Con respecto ás cualificacións que aparecerán nos boletíns do alumnado, e tendo en conta que debe ser unha puntuación exacta (xa que non se admiten decimais), **farase un redondeo á alza a partir de 0,5.**

Exemplo:

Media aritmética da avaliación	Cualificación que aparecerá no boletín
4,75	5
4,50	5
4,45	4
4,25	4

Para promocionar, en calquera caso, **todo/-a alumno/-a deberá ter superado o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe esixibles na materia.**

Tanto nas clases como nos traballos e probas obxectivas que serven de control dos coñecementos valoraranse non só os seus **contidos** senón tamén a forma de **expresión** (oral ou escrita), a **ortografía**, a **caligrafía** e a **presentación** (no caso de exercicios escritos).

Aqueles/-as alumnos/-as que **non participen** nalgunha **actividade complementaria ou extraescolar** deberán **realizar un traballo** relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlles as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

PROBAS ESCRITAS

As probas escritas de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, sobre mensaxes orais, exercicios de gramática, cultura e civilización, fonética, conxugación verbal, traducións, redaccións, ditados, etc. Incluirán algunha actividade de comprensión oral (escoita dun documento sonoro a partir do cal se formulará algunha/-s cuestión/-s que o alumnado deberá resolver por escrito).

Tamén entran dentro da categoría de probas escritas as fichas relacionadas cos libros de lectura que terán que realizar os/as alumnos/-as de 3º e 4º de ESO.

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros (-0,10 p. cada erro), tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa.

Cada proba cualificarase cun máximo de 8 puntos.

Prestarase especial atención á **ortografía**, á **caligrafía** e á **presentación**; esta última poderá ser penalizada con 0,25 p. menos na nota final da proba en cuestión se non cumpre un mínimo de pulcritude, é dicir, o/a alumno/-a debe presentar ese exercicio cunha boa caligrafía e sen borróns. As faltas de ortografía serán penalizadas directamente na actividade na que se cometan.

Tamén se terá en conta nas probas escritas que os **datos de identificación do alumnado** (*prénom et nom*) e a **data** (escrita de xeito formal en francés) estean correctos. Valorarase de xeito positivo (+0,25 *nom et prénom* correctos, +0,25 *date* correcta) nas probas que faga o alumnado durante o 1º trimestre de 1º de ESO; esa puntuación “extra” sumarase á nota da proba. Nos demais trimestres de 1º de ESO e en todos os trimestres de 2º, 3º e 4º de ESO a valoración será negativa en caso de que os datos non estean correctos (-0,25 *nom et prénom* incorrectos, -0,25 *date* incorrecta).

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

Obterase unha nota media de todas as probas escritas que se realicen durante a avaliación.

Ao longo de cada trimestre o profesorado realizará actividades de diversa índole que poderán influír de xeito positivo na nota media da avaliación (**cada positivo equivale a 0,25 p. máis na nota media da avaliación**). O alumnado será convenientemente informado antes da realización da/-s actividade/-s.

Non se recollerán traballos (exercicios, redaccións, etc.) **fóra de prazo, agás nos casos de ausencias xustificadas**. O feito de non entregar un traballo solicitado polo/-a profesor/-a suporá **un negativo, o que equivale a 0,25 p. menos na nota media da avaliación** da que se trate nese momento.

PROBAS ORAIS

Ao final de cada trimestre todos/-as os/as alumnos/-as deberán realizar unha **proba oral que terá unha cualificación de 2 puntos como máximo.**

A corrección desta proba realizarase por fallos ou erros (-0,10 p. cada erro), tendo en conta a pronunciación, expresión e manexo da lingua francesa.

As características das probas orais están recollidas na seguinte táboa:

	1º TRIMESTRE (Gravación dun arquivo de audio)	2º TRIMESTRE (Gravación dun arquivo de audio)	3º TRIMESTRE (Gravación dun arquivo de audio)
1º ESO	Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.	Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.	Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a) relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso.
2º ESO	Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.	Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.	Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a) relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso.
3º ESO	Presentación persoal: Cada alumno/-a debe presentarse (saudar, dicir o seu nome e a súa idade), mencionar onde vive, onde estuda, falar dos seus gustos e actividades de lecer, da súa familia e todo aquilo que libremente desexe para completar o tempo mínimo de gravación (1 minuto).	Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.	Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a) relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso.
4º ESO	Presentación persoal: Cada alumno debe presentarse (saudar, dicir o seu nome e a súa idade), mencionar onde vive, onde estuda, falar dos seus gustos e actividades de lecer, da súa familia e todo aquilo que libremente desexe para completar o tempo mínimo de gravación (1 minuto).	Situación da vida cotiá: Os/As alumnos/-as poderán escoller entre dous guións previamente elaborados, relacionados con dúas situacións da vida cotiá (a chegada á recepción dun hotel e a compra nunha tenda de ultramarinos). Proporcionaráselles un audio modelo coa finalidade de que imiten a entoación e os xiros característicos da lingua francesa no momento de realizar a súa propia gravación.	Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas relacionadas cunha temática concreta (elixida ao chou por cada alumno/-a) traballada ao longo da etapa educativa: <i>la famille, le collège, les activités de loisir, l'alimentation, les voyages</i> , etc.

ACTITUDE

As actitudes negativas na aula ou nas actividades complementarias e extraescolares (mal comportamento, esquecemento do material necesario para o desenvolvemento da sesión, non realización de tarefas encomendadas fóra do horario lectivo, conduta impropia ou desaxeitada...) serán penalizadas con negativos; **cada negativo** suporá **0,25 p. menos na nota media da avaliación** da que se trate nese momento.

De xeito global, cuantificaranse as porcentaxes que se lle dan ás probas escritas e á proba oral tal e como se indica a continuación:

	Porcentaxe total	Porcentaxe parcial	Puntuación (sobre un total de 10 puntos)
Probas escritas	80%	20% Comprensión de textos orais	8 puntos
		20% Comprensión de textos escritos	
		20% Producción de textos escritos	
		20% Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	
Proba oral	20%	20% Producción de textos orais	2 puntos

A maiores, o alumnado que participe **de xeito voluntario** nalgunha actividade proposta polo Departamento de Francés (concursos, realización de vídeos, correspondencia, etc.) terá a posibilidade de obter unha puntuación extra que repercutirá directamente na nota media da avaliación que corresponda en cada caso. **Entre outras**, proponense as seguintes actividades:

CORRESPONDENCIA

Ao longo do curso, o alumnado de Francés levará a cabo unha correspondencia por vía postal con alumnos/-as estudantes de Español dun instituto francés.

As cartas escritas polos/-as alumnos/-as de **2º, 3º e 4º de E.S.O.** terán unha cualificación que incidirá na nota media da avaliación do xeito que se especifica a continuación:

- *Bien* (máximo 9 faltas): + 0,50 p.
- *Passable* (entre 10 e 19 faltas): + 0,25 p.
- *Faible* (máis de 20 faltas): + 0 p.

Para que se teña en conta esta cualificación o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Redactar a carta **en francés**, sen esquecer elementos esenciais como son: **data, saúdo, despedida e sinatura**.
- O corpo da carta debe ter un mínimo de **10 liñas completas** (sen contar saúdo/despedita).
- O/A alumno/-a debe formular un mínimo de **2 preguntas** ao seu correspondente.
- Incluir algunha/-s **imaxe/-s ou debuxo/-s** (polo menos 2 ou 3).
- Tratar **todos os temas** indicados previamente pola profesora.
- **Entregar a carta** (tanto o borrador como a carta pasada a limpo) **nas datas sinaladas**:

En caso de non entregar o borrador a tempo, o/a alumno/-a será penalizado/-a con 1 negativo (= 0,25 p. menos na nota media da avaliación), a profesora recollerá a carta fóra de prazo para corríxila, pero o alumno/-a xa perde calquera opción a cualificación.

En caso de que un/unha alumno/-a entregue o borrador a tempo e obteña puntuación, pero non entregue a carta pasada a limpo na data sinalada, perderá esa puntuación obtida e, ademais, será penalizado/-a con 1 negativo (= 0,25 p. menos na nota media da avaliación).

VÍDEO (Actividade voluntaria)

Dependendo da temporalización, é probable que se lle propoña ao alumnado a realización dalgún vídeo de temática variada en función do nivel ao que vaia dirixida a actividade, por exemplo: a explicación dunha receita sinxela dalgún prato típico francés (*crêpes, mousse au chocolat, quiche lorraine...*), a presentación dun lugar (*mon village / ma ville*), unha entrevista a unha persoa francófona, un programa ficticio de variedades, un telexornal, etc.

Esta actividade permitirá que os/as alumnos/-as poidan acadar ata 1 punto máis na nota media da avaliación en caso de que a gravación teña unha boa calidade, sobre todo a nivel lingüístico.

Prononctiation + Titres en français	0-2 fautes	0,50	
	3-4 fautes	0,40	
	5-6 fautes	0,30	
	7-8 fautes	0,20	
	9-10 fautes	0,10	
	11 fautes ou plus	0	
Qualité image/son	Bonne qualité	0,25	
	Passable	0,15	
	Mauvaise qualité	0	
Originalité	Vidéo amusante	0,25	
	Passable	0,15	
	Vidéo un peu ennuyeuse	0	
TOTAL:			

INTERCAMBIO (Actividade voluntaria)

En caso de levar a cabo un intercambio de alumnos/-as con estudantes de Español dalgún centro francés, o alumnado participante deberá realizar un dossier de actividades relacionado coa súa estancia en Francia. Cada actividade terá unha cualificación concreta que estará claramente indicada no propio dossier. A nota global obtida no dossier permitirá a cada alumno/-a incrementar un máximo de 1 punto na nota media da avaliación na que se realice a viaxe.

No caso de propoñer outras actividades voluntarias diferentes das que se acaban de sinalar, a profesora informará ao alumnado e explicará con detalle a incidencia que poderá ter dita actividade na nota media da avaliación.

13) PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Tendo en conta que a Segunda Lingua Estranxeira ten a consideración de materia con contidos progresivos, o Departamento de Francés estipula que un alumno ou alumna que teña a materia de Francés pendente do curso anterior superará dita materia se supera a mesma materia no curso no que está matriculado/-a, tendo que realizar soamente actividades de recuperación da materia pendente que durante ese curso non se dea.

De non superar a materia seguindo o plan anterior, o alumnado terá dereito á realización dunha proba obxectiva final ordinaria en maio e outra final extraordinaria a finais de xuño.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O Departamento de Francés ten elaborado un programa de reforzo para levar a cabo con aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente de cursos anteriores.

Neste apartado debemos diferenciar dous tipos de alumnado:

A) Alumnos/-as matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores.

Por tratarse dunha materia considerada de aprendizaxe progresiva, estes/-as alumnos/-as recuperarán a materia pendente aprobando (cunha cualificación de 5 ou máis puntos) a 1ª ou a 2ª avaliación do curso actual. Ao mesmo tempo, recibirán fichas con exercicios específicos relacionados cos contidos non superados no curso anterior; deberán entregar esas fichas nas datas estipuladas para que a xefa do Departamento de Francés as corrixa e as entregue de novo para que o alumnado as revise e comprobe se cometeu algún erro ou non.

De non aprobar ningunha das dúas avaliacións deberán presentarse á proba escrita que se celebrará na convocatoria do mes de maio. Se superan esta proba, considerarase recuperada a materia; se non a superan, deberán presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro para pendentes e recibirán un dossier de actividades para que realicen durante o verán, tendo que entregalo para a súa corrección e cualificación á xefa do Departamento de Francés o día que se presenten ao exame de setembro. A esta proba escrita engadiráselle a nota do dossier (da maneira que se explica no punto 3 do apartado B).

B) Alumnos/-as NON matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores.

Para que aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente poidan recuperala durante o curso, o Departamento de Francés do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto levará a cabo o seguinte plan de traballo:

1) Dossier de actividades I:

Os/As alumnos/-as recibirán a comezos do 1º trimestre un dossier con actividades que deberán entregar feito, como data límite, o venres 3 de decembro.

2) Dossier de actividades II:

Os/As alumnos/-as recibirán a mediados do mes de xaneiro un segundo dossier con actividades (coa condición indispensable de ter entregado o primeiro no prazo especificado; de non ser así, considerarase a efectos de puntuación que o segundo dossier non foi entregado). A data límite para que o devolvan feito será o venres 8 de abril.

3) Valoración das actividades:

Cada dossier será valorado cunha puntuación do 1 ao 10.

A nota obtida en cada un deles será sumada (ou restada) á nota da proba escrita de maio da maneira que se explica a continuación:

- Entre 1 e 2'99 puntos, ou non entregado: (-1)
- Entre 3 e 4'99 puntos: (- 0'50)
- Entre 5 e 6'99 puntos: (+ 0'50)
- Entre 7 e 8'99 puntos: (+ 0'75)
- Entre 9 e 10 puntos: (+1)

4) Proba escrita :

A proba escrita da convocatoria de maio terá lugar o día e á hora aínda por determinar (probablemente durante a primeira semana do mes). Os/As alumnos/-as serán avisados/-as cunha semana de antelación como mínimo. A proba consistirá nunha serie de exercicios de gramática, léxico, tradución... baseados nos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles para cada curso tal e como se especifica na Programación Didáctica.

5) Os/As alumnos/-as que suspendan na convocatoria de maio recibirán un dossier de actividades para que realicen durante o verán, tendo que entregalo para a súa corrección e cualificación á xefa do Departamento de Francés o día que realicen o exame de setembro. A esta proba escrita sumaráselle a nota do dossier (do mesmo xeito que na convocatoria de maio).

6) O Departamento de Francés estará á disposición dos/das alumnos/-as para que os/as que así o desexen poidan resolver as súas dúbidas.

7) Neste ano académico (2021/2022) non hai ningún alumno/-a coa materia de Francés pendente de cursos anteriores.

14) PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Aquel alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo elaborado polo Departamento de Francés destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia.

Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurarase adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como ampliar ou reducir bloques de contidos segundo a súa capacidade.

E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

Este ano (2021/2022) non hai alumnado repetidor que non superara en xuño a materia de Francés.

15) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nunha aula hai alumnos/-as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, e debemos perseguir o obxectivo de que todo/-a alumno/-a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos/-as os/as alumnos/-as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo de aprendizaxe.

En canto á necesidade de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a este fin. Ademais, debemos responder ás diferenzas individuais na aula, mediante diversas actividades de ampliación e reforzo para alumnos/-as que terminan antes o seu traballo.

Os materiais utilizados teñen en conta que alumnos/-as sen unha capacidade grande como aprendices de linguas poden, sen embargo, ser bos noutros campos como a arte ou as matemáticas, ou poden ter algunha afección interesante que o/a profesor/-a pode aproveitar en clase. Isto aumentará a motivación e a autoestima destes/-as alumnos/-as e demostrará a todos/-as o valor que se concede nese ámbito a diversas destrezas ou habilidades.

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/-as.
- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
- O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes diso.

Adaptacións curriculares

En principio, parece ser que ningún/ningunha dos/as alumnos/-as que cursan Francés durante este ano académico vai precisar unha adaptación curricular nesta materia. De darse algún caso, o Departamento dará conta do mesmo no Libro de Actas e na Memoria Final de curso.

16) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Nos catro niveis de E.S.O. traballárase a educación en valores e desenvolverase a interdisciplinaria mediante os temas tratados, permitindo que profesores/-as e alumnos/-as reflexionen sobre eles.

Estes contidos transversais abarcan os ámbitos seguintes:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación ambiental.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo.
- Educación sexual.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.

A continuación indícanse as estratexias de traballo a seguir para a educación en valores:

- **Educación moral e cívica** > Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo. Importancia das fórmulas de cortesía para saudar aos adultos en francés. Importancia de vencer a timidez para presentar un traballo oral ante os/as compañeiros/-as. Valor das celebracións como medio para coñecer outras culturas.
- **Educación para a paz** > Curiosidade por coñecer algúns personaxes franceses famosos así como produtos e monumentos franceses emblemáticos. Valoración positiva da amizade e do compañeirismo. Respecto polas diferentes formas de organiza-la vida na cidade e no campo. Actitude aberta fronte ós costumes dos países francófonos.
- **Educación para a saúde** > Valoración da importancia dun tempo libre san e creativo. Toma de conciencia da importancia das comidas sas e equilibradas.
- **Educación ambiental** > Importancia de coida-los animais domésticos dunha forma apropiada. Toma de conciencia ante a necesidade de utiliza-los medios de transporte público sempre que sexa posible. Toma de conciencia da importancia da protección do medio ambiente.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo** > A non-discriminación entre os sexos á hora de planificar e levar a cabo actividades da vida cotiá. Reflexión sobre a non discriminación entre os sexos á hora de organiza-lo tempo. A non discriminación entre os sexos na práctica dos deportes.
- **Educación sexual** > Importancia das relacións equilibradas cos membros do sexo oposto en todas as actividades de ocio.
- **Educación vial** > Importancia de saber ler e interpretar correctamente os mapas e mailos planos. Reflexión sobre a necesidade de planifica-los desprazamentos para evitar contratemplos.
- **Educación do consumidor** > Importancia das tendas de barrio na vida económica e social da vila ou cidade. Toma de conciencia da importancia relativa do vestido e da moda. Reflexión sobre o uso que se fai dos cartos.

17) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente lingüística, moitas actividades teñen relación coa lectura e, en consecuencia, coa comprensión lectora. Neste caso a dificultade atópase no feito de ler e comprender unha lingua estranxeira.

En todas as sesións (en todos os niveis) hai un tempo de dedicación á lectura; polo menos un 40% da duración total da sesión o alumnado debe ler e comprender textos de maior ou menor complexidade dependendo do curso e nivel do que se trate.

En 1º, 2º e 3º de ESO o manual utilizado polo alumnado vén acompañado dunha **banda deseñada** coa que se poderá traballar ao longo do curso.

Velaquí os títulos correspondentes:

CURSO	TÍTULO	AUTORA
1º ESO	<i>Au voleur!</i>	Catherine Favret
2º ESO	<i>Parkour</i>	Catherine Favret
3º ESO	<i>Morgane et les Morgans</i>	Catherine Favret

Ademais, en 3º e 4º de ESO os/-as alumnos/-as deben ler, pola súa conta e de forma obrigatoria, unha obra en francés (a finais do 1º trimestre e comezos do 2º); tras ese exercicio de lectura individual deberán completar unha **ficha de lectura** que mostrará a súa capacidade de comprensión con respecto ao libro que acaban de ler. Esta ficha terá a consideración de **proba escrita** e será avaliada como tal.

O **libro de lectura obrigatoria** en **3º ESO** será elixido polos/-as alumnos/-as ao azar entre os seguintes títulos:

TÍTULO	AUTOR/-A
<i>Guillaume le Conquérant</i>	Amanda Rainger
<i>Une vie de chat</i>	Danièle Bourdais
<i>Les parents impossibles</i>	Amanda Rainger
<i>Nina et la clé du temps</i>	Danièle Bourdais
<i>Vacances en Ardèche</i>	Marie-Thérèse Bougard
<i>Mystère dans le métro</i>	Annie Eaton
<i>Pierrot</i>	Guy de Maupassant, adapté par Annette Maxime
<i>Enfermés</i>	Annette Maxime
<i>Le journal de Caroline</i>	Marie-Thérèse Bougard
<i>Le vendeur de glaces</i>	Bazyli Solowij
<i>La villa d'en face</i>	Boileau-Narcejac, adapté par Marie-Thérèse Bougard
<i>Les détectives de l'espace</i>	Danièle Bourdais
<i>Insectophobie</i>	Annie Eaton
<i>Natacha et ses deux maisons</i>	Géraldine Sweeney
<i>Mission accomplie</i>	Amanda Rainger
<i>Attention! Voici Toubon</i>	Amanda Rainger
<i>Marcel et la Joconde</i>	Stephen Rabley, adapté par Barbara Tombs
<i>Le village englouti</i>	Danièle Bourdais
<i>Nuit de tempête</i>	Marie-Thérèse Bougard

<i>La guitare de Katie</i>	Danièle Bourdais
<i>Bruno et les brutes</i>	Géraldine Sweeney
<i>Le Tour de France</i>	Barbara Tombs
<i>Les babysitters</i>	Géraldine Sweeney
<i>Une passion dans le désert</i>	Honoré de Balzac, adapté par Annette Maxime
<i>Le premier cadeau du père Noël</i>	Ludovic Massé, adapté par Brigitte Arnaudès
<i>Le mystère du phare</i>	Annette Maxime
<i>Un voyage de rêve en France</i>	Béatrice Job
<i>Le cadeau-surprise</i>	Valentine Balche

O libro de lectura obrigatoria en **4º ESO** será elixido polos/-as alumnos/-as ao azar entre os seguintes títulos:

TÍTULO	AUTOR/-A
<i>Un marronnier sous les étoiles</i>	Thierry Lenain
<i>Un amour de poule</i>	Claudine Aubrun
<i>Opération «Maurice»</i>	Claire Gratias
<i>L'enfant-satellite</i>	Jeanne-A Debats
<i>La manifestation</i>	Grégoire Kocjan
<i>Chiens et chats</i>	Dominique Renaud
<i>L'arc-en-ciel</i>	Brigitte Faucard
<i>Jojo</i>	Rachel Barnes
<i>C'est chouette, la vie!</i>	Giovanna Tempesta
<i>À la recherche de Mariana</i>	Dominique Renaud
<i>Un étrange voisin</i>	Claire Miquel
<i>Folie d'ours</i>	Dominique Renaud
<i>Concert en Bretagne</i>	Cécile Talguen
<i>Train de nuit</i>	Dominique Renaud
<i>Trésor de guerre</i>	Dominique Renaud
<i>Un parfum de printemps</i>	Thierry Gallier
<i>Avis de recherche</i>	Aline Mariage
<i>La lettre de Cordoue</i>	Thierry Gallier
<i>Disparitions en Haïti</i>	Catherine Favret
<i>Au secours!</i>	Aline Mariage
<i>La veste noire</i>	Évelyne Wilwerth
<i>Un soir, au cirque</i>	Giovanna Tempesta
<i>On a volé Mona Lisa</i>	Cécile Talguen
<i>Finale à trois</i>	Dominique Renaud
<i>L'île mystérieuse</i>	Jules Verne

Ano tras ano, o profesorado de Francés convida a todos/-as os/as alumnos/-as a ler de xeito voluntario obras nesa lingua estranxeira, tendo en conta que na **Biblioteca** do centro teñen acceso a bandas deseñadas e relatos breves adaptados a distintos niveis de aprendizaxe. Nas seguintes táboas aparecen algunhas das obras en lingua francesa que están á disposición dos/das usuarios/-as da **Biblioteca do C.P.I.**:

Libros de lectura:

TÍTULO	AUTOR	NIVEL	EDITORIAL	COLECCIÓN
<i>Qui file Cécile?</i> (3 exemplares)	Régine Boutégège e Susanna Longo	Moyen	Le chat noir	Lire et s'entraîner
<i>Éric a disparu</i> (2 exemplares)	Régine Boutégège e Susanna Longo	Moyen		
<i>Mystères dans le showbiz</i> (2 exemplares)	Régine Boutégège e Susanna Longo	Moyen		
<i>Le fantôme de l'Opéra</i> (3 exemplares + 3 CD)	Gaston Leroux	Avancé		
<i>Une passion dans le désert (+CD)</i>	Honoré de Balzac, adapté par Annette Maxime	Niveau 3 (Classique)	Longman	Lire et découvrir
<i>Le mystère du phare (+ CD)</i>	Annette Maxime	Niveau 3		
<i>Vive la musique!</i> (8 exemplares)	---	Moyen	Hachette/SM	Rythmes Jeunes: lectures guidées
<i>Mystère au musée!</i> (7 exemplares)	---	Moyen		
<i>Les jeunes et la mode</i> (6 exemplares)	---	Moyen		
<i>Indurain, l'homme et le cycliste</i>	---	Moyen		
<i>Randonnée sans boussole</i>	---	Moyen		
<i>Cousteau ou la lutte pour la planète</i>	---	Moyen		
<i>Le prix</i>	---	Moyen		
<i>Une énigme sur le Net</i>	---	Moyen		
<i>L'arc-en-ciel (+CD)</i>	Brigitte Faucard	Niveau intro		
<i>Trésor de guerre (+CD)</i>	Dominique Renaud	Niveau 2		
<i>Un parfum de printemps (+CD)</i>	Thierry Gallier	Niveau 2		
<i>Avis de recherche (+CD)</i>	Aline Mariage	Niveau 2		

<i>La lettre de Cordoue</i>	Thierry Gallier	Niveau 2	CLE International	Découverte
<i>Le Petit Prince (4 exemplares)</i>	Antoine de Saint-Exupéry	Avancé	Folio Junior, n° 453	Édition spéciale
<i>En Bretagne</i>	Régine Boutégège e Susanna Longo	Moyen/Avancé	Le chat noir	Lire et voyager
<i>À Paris</i>	Régine Boutégège e Susanna Longo	Moyen/Avancé	Le chat noir	Lire et voyager
<i>L'avare</i>	Molière	Avancé	Cideb	Au cœur du texte
<i>La chatte</i>	Colette	Avancé		
<i>Un amour de Swann</i>	Proust	Avancé		
<i>Le carnet de Lili</i>	Annick Kiefer	Avancé	Pocket	---
<i>Les récrés du Petit Nicolas</i>	Sempé / Goscinny	Avancé	Folio	Folio junior
<i>Un quartier très «spatial»</i>	Muriel Nathan-Deiller	A1	Oxford U.P.	Oxford Educación
<i>Les aventures d'Albert et Folio: Vive les vacances!</i>	Didier Eberlé / André Treper	A1	Hachette	---
<i>Merlin l'Enchanteur</i>	Adaptation: Isabelle Parisot	Niveau 2	CLE International	Classique
<i>Deux ans de vacances</i>	Jules Verne	A2	Samir	Flèche
<i>Le trésor de la Marie-Galante</i>	Agathe Leballeur	A2	Hachette	---
<i>Le prisonnier du temps</i>	Adam Roy	A2	Hachette	---

Bandas diseñadas:

B.D.	VOL	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
<i>Les aventures d'Astérix</i>	6	<i>Astérix et Cléopâtre</i>	Uderzo-Goscinny	Dargaud
	12	<i>Astérix aux Jeux Olympiques</i>		
	16	<i>Astérix chez les Helvètes</i>		
	25	<i>Les douze travaux d'Astérix</i>		
	15	<i>La Zizanie</i>	Uderzo-Goscinny	Hachette
	21	<i>Le cadeau de César</i>		
	31	<i>Astérix et Latraviata</i>		
<i>Les aventures de Tintin</i>	---	<i>Tintin au pays de l'or noir</i>	Hergé	Casterman
	---	<i>Objectif lune</i>		
	---	<i>Les bijoux de la Castafiore</i>		
	12	<i>Le trésor de Rackham le Rouge</i>		
	13	<i>Les sept boules de cristal</i>		
	14	<i>Le temple du soleil</i>		
	17	<i>On a marché sur la lune</i>		
	18	<i>L'affaire tournesol</i>		
	19	<i>Coke en stock</i>		
	20	<i>Tintin au Tibet</i>		
	22	<i>Vol 714 pour Sydney</i>		
	23	<i>Tintin et les picaros</i>		

<i>Ric Hochet</i>	2	<i>Mystère à Porquerolles</i>	Tibet et A.P. Duchateau	Le Lombard
	3	<i>Défi à Ric Hochet</i>		
	4	<i>L'ombre de Cameleon</i>		
	8	<i>Face au serpent</i>		
	9	<i>Alias Ric Hochet</i>		
	10	<i>Les cinq revenants</i>		
<i>Agatha Christie</i>	1	<i>Le secret de Chimneys</i>	François Rivière / Laurence Suhner	Emmanuel Proust Éditions
	2	<i>Mort sur le Nil</i>	François Rivière / Solidor	
	3	<i>Dix Petits Nègres</i>	François Rivière / Frank Leclercq	
	4	<i>Le crime de l'Orient-Express</i>	François Rivière / Solidor	
	5	<i>Mister Brown</i>	François Rivière / Frank Leclercq	
	6	<i>La nuit qui ne finit pas</i>	François Rivière / Frank Leclercq	
<i>Titeuf</i>	1	<i>Dieu, le sexe et les bretelles</i>	Zep	Glén
	2	<i>L'Amour, c'est pô propre</i>		
	3	<i>Ça épate les filles</i>		
	4	<i>C'est pô juste</i>		
	5	<i>Et le derrière des choses</i>		
	6	<i>Tchô, monde cruel</i>		
<i>Lucky Luke</i>	7	<i>Le miracle de la vie</i>	Morris / Goscinny	Dupuis
	8	<i>Lâchez-moi le slip!</i>		
	9	<i>La loi du préau</i>		
	28	<i>L'escorte</i>		

18) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A actualidade manda, e non podemos concibir o ensino dun idioma estranxeiro á marxe das TIC, polo que, na medida do posible, fomentarémolas con actividades de diversa índole:

➔ Utilización dos ordenadores:

- Elaboración de traballos.
- Realización de exercicios e probas de diversa índole.
- Preparación de presentacións en formato PowerPoint / Wix / Prezi / Genially / Powtoon...
- Creación de vídeos.

➔ Acceso a Internet:

- Procura de información.
- Consulta de dicionarios e materiais de apoio.
- Visita a diversas páxinas web de interese para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas.
- Acceso a páxinas web con exercicios e xogos en francés adaptados a cada nivel.
- Correspondencia con alumnos/-as estudantes de español en Francia.

➔ **Blog do Departamento de Francés (BoqueFLE):**

- Preténdese que sexa, fundamentalmente, unha ferramenta de consulta para todos aqueles membros da comunidade educativa que desexen visitalo así como unha plataforma na que publicar os traballos elaborados polo alumnado de Francés.
- Uso na aula para traballar contidos específicos que aparecen no blog.
- Actualización periódica do mesmo.

➔ **Grupo en Facebook do Departamento de Francés (BoqueFLE):**

De forma voluntaria, os/as alumnos/-as que así o desexen poderán formar parte do grupo coa intención de crear unha rede na que compartir contidos relacionados coa lingua francesa e calquera cuestión que teña que ver cos países francófonos (noticias, xogos, actividades, viaxes, música, vídeos, etc.).

➔ **Uso da Aula Virtual:**

O Departamento de Francés, a través da conta do centro, fará uso da aula virtual de Francés creada na plataforma *Moodle*. Esta ferramenta permite, entre outras cousas, mellorar a comunicación e o fluxo de traballo entre alumnado e profesorado. Ademais, facilita as seguintes tarefas:

- Compartir co alumnado información relevante sobre o desenvolvemento da materia, como pode ser o calendario de exames e as entregas de traballos.
- Realizar, por parte do alumnado, a entrega dos traballos de clase en formato dixital, o que evita imprimir en papel eses traballos.
- Compartir material co alumnado (textos, vídeos, audios, ligazóns a páxinas web...).
- Realizar probas e/ou actividades en liña.
- Manter informado ao alumnado que non pode asistir a clases de todas as novidades relacionadas coa materia.
- Fomentar o contacto virtual entre profesorado e alumnado para que se poida resolver calquera tipo de dúbida fóra da aula e sen a limitación temporal do horario lectivo establecido.

19) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- ➔ Fomentar actitudes pacifistas, de respecto e solidariedade dentro da comunidade educativa.
- ➔ Rexeitar condutas que dificulten a convivencia.
- ➔ Difundir a tolerancia e valoración de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a culturas distintas á nosa.
- ➔ Vixiar a utilización dun vocabulario axeitado a un centro educativo.
- ➔ Contribuír na educación do alumnado como cidadáns.
- ➔ Colaborar no cumprimento das Normas de Organización e Funcionamento do centro (N.O.F.).
- ➔ Fomentar os traballos en grupo nun ambiente de harmonía, colaboración e respecto entre os integrantes do mesmo.

20) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material de aula complétase coa utilización dos seguintes recursos dos que dispón tanto o Departamento de Francés en particular como o centro en xeral:

- Ordenador portátil do Departamento.
- Ordenador de sobremesa nas aulas dos diferentes grupos.
- Radio-CD do Departamento.
- Aula Abalar (1º e 2º de E.S.O.)
- Proxectores das distintas aulas.
- Material diverso: libros de lectura, fichas, libros de consulta, dicionarios francés-español/español-francés, xogos, pósters, CDs, DVDs, películas en francés, cancións, vídeos de diferentes tipos de programas emitidos nalgunha canle francófona (documentais, telexornais, publicidade, concursos, series...), xornais, revistas e todo tipo de material en soporte escrito ou dixital en lingua francesa.
- Recursos en rede: Blog do Departamento de Francés (BoqueFLE), páxina en Facebook do Departamento de Francés (Boque Fle), actividades interactivas, xogos, vídeos, ligazóns de interese, etc.
- Aula virtual, dende a que se facilitará o material necesario para o desenvolvemento de diferentes actividades:

- Documentos en formato pdf.
- Presentacións.
- Vídeos.
- Arquivos de audio.
- Cuestionarios.
- Ligazóns a diversas páxinas para a realización de actividades interactivas.

Detállase a continuación o material didáctico utilizado en cada nivel de E.S.O.:

1º E.S.O. (“Expérience 1”, editorial Oxford)

Para o alumnado:

O *Livre de l'élève*, que consta dunha unidade 0 a modo de primeiro contacto co idioma estranxeiro e está dividido en seis unidades didácticas, subdivididas, á súa vez, nas seguintes seccións:

- *Leçon 1*
- *Leçon 2*
- *Leçon 3*
- *Les mots en action*
- *Visite guidée*
- *Expérience*
- *T'es cap?*

As leccións preséntanse de forma clara, atractiva e interactiva, con imaxes, vídeos e audios que axudan á comprensión, e onde a gramática e o vocabulario se mostran de forma integrada na situación de comunicación. Inclúense, ademais, actividades interactivas que reforzan o proceso de revisión e aprendizaxe.

O *Cahier d'exercices* é un complemento esencial para o alumno. Ofrécelle un gran número de actividades que seguen a progresión do *Livre de l'élève*, e que lle permiten reforzar e afondar na súa aprendizaxe. A cada lección correspóndelle unha sección de gramática e outra de vocabulario, e despois dedícanse unhas páxinas á comprensión escrita, á expresión escrita, ao vocabulario, á fonética e á ortografía.

O **caderno de gramática *Gramm'active***, que consta dunha páxina explicativa, unha páxina de actividades e un exercicio de produción escrita para cada obxectivo comunicativo.

A **banda deseñada *Au voleur!***, de Catherine Favret, que será traballada ao longo do curso como acción de contribución ao plan lector.

O **caderno persoal** do/da alumno/-a. Trátase dunha ferramenta fundamental para o alumnado, xa que nel tomarán nota das cuestións gramaticais, léxicas e fonéticas máis salientables e permitiralles repasar os contidos traballados na aula.

Material elaborado polo Departamento de Francés: fichas con actividades, documentos “pdf”, audios, vídeos, etc., relacionados cos contidos abordados na clase.

Para o profesorado:

***Livre du professeur* (“Expérience 1”, editorial Oxford)**

Na primeira páxina de cada unidade proporcióname unha información clara dos contidos que se van traballar. Cada unidade está dividida en seccións. Cada un deses apartados contén unha gran cantidade de información e de actividades que se desenvolverán na clase e numerosos consellos metodolóxicos para o traballo cotián do profesorado na aula. Consta ademais de transcricións, é dicir, toda a información contida nos audios, así coma un solucionario dos exercicios.

A maiores, inclúe o **solucionario do *Cahier d'exercices***.

Fiches d'évaluation.

Fiches DELF.

CD-Audio, con todos os audios do *Livre de l'élève*, do *Cahier d'exercices* e das *Évaluations et DELF*.

Carteis

Trátase dun material para expoñer na aula. Estes carteis teñen como finalidade traballar, no momento máis oportuno, o vocabulario específico e máis concreto de cada unidade.

Recursos dixitais para o profesorado e para a clase.

Na páxina web de Oxford Premium (www.oxfordpremium.es) existe unha grande variedade de recursos que axudarán ao profesorado a preparar e a desenvolver o seu traballo na clase: audicións, actividades interactivas, vídeos, proxectos web, recursos para o encerado dixital, material para imprimir (portfolio, avaliacións, fichas de lectura, xogos e actividades, transcricións) e programacións de aula.

2º E.S.O. (“Expérience 2”, editorial Oxford)

Para o alumnado:

O *Livre de l'élève*, que consta dunha unidade 0 a modo de repaso e está dividido en seis unidades didácticas, subdivididas, á súa vez, nas seguintes seccións:

- *Leçon 1*
- *Leçon 2*
- *Leçon 3*
- *Les mots en action*
- *Visite guidée*
- *Expérience*
- *T'es cap?*

As leccións preséntanse de forma clara, atractiva e interactiva, con imaxes, vídeos e audios que axudan á comprensión, e onde a gramática e o vocabulario se mostran de forma integrada na situación de comunicación. Inclúense, ademais, actividades interactivas que reforzan o proceso de revisión e aprendizaxe.

O *Cahier d'exercices* é un complemento esencial para o alumno. Ofrécelle un gran número de actividades que seguen a progresión do *Livre de l'élève*, e que lle permiten reforzar e afondar na súa aprendizaxe. A cada lección correspóndelle unha sección de gramática e outra de vocabulario, e despois dedícanse unhas páxinas á comprensión escrita, á expresión escrita, ao vocabulario, á fonética e á ortografía.

O **caderno de gramática *Gramm'active***, que consta dunha páxina explicativa, unha páxina de actividades e un exercicio de produción escrita para cada obxectivo comunicativo.

A **banda deseñada *Parkour***, de Catherine Favret, que será traballada ao longo do curso como acción de contribución ao plan lector.

O **caderno persoal** do/da alumno/-a. Trátase dunha ferramenta fundamental para o alumnado, xa que nel tomarán nota das cuestións gramaticais, léxicas e fonéticas máis salientables e permitiralles repasar os contidos traballados na aula.

Material elaborado polo Departamento de Francés: fichas con actividades, documentos “pdf”, audios, vídeos, etc., relacionados cos contidos abordados na clase.

Para o profesorado:

***Livre du professeur* (“Expérience 2”, editorial Oxford)**

Na primeira páxina de cada unidade proporciónase unha información clara dos contidos que se van traballar. Cada unidade está dividida en seccións. Cada un deses apartados contén unha gran cantidade de información e de actividades que se desenvolverán na clase e numerosos consellos metodolóxicos para o traballo cotián do profesorado na aula. Consta ademais de transcricións, é dicir, toda a información contida nos audios, así coma un solucionario dos exercicios.

A maiores, inclúe o **solucionario do *Cahier d'exercices***.

Fiches d'évaluation.

Fiches DELF.

CD-Audio, con todos os audios do *Livre de l'élève*, do *Cahier d'exercices* e das *Évaluations et DELF*.

Carteis

Trátase dun material para expoñer na aula. Estes carteis teñen como finalidade traballar, no momento máis oportuno, o vocabulario específico e máis concreto de cada unidade.

Recursos dixitais para o profesorado e para a clase.

Na páxina web de **Oxford Premium** (www.oxfordpremium.es) existe unha grande variedade de recursos que axudarán ao profesorado a preparar e a desenvolver o seu traballo na clase: audicións, actividades interactivas, vídeos, proxectos web, recursos para o encerado dixital, material para imprimir (portfolio, avaliacións, fichas de lectura, xogos e actividades, transcripcións) e programacións de aula.

3º E.S.O. (“Expérience 3”, editorial Oxford)

Para o alumnado:

O *Livre de l'élève*, que consta dunha unidade 0 a modo de repaso e está dividido en seis unidades didácticas, subdivididas, á súa vez, nas seguintes seccións:

- *Leçon 1*
- *Leçon 2*
- *Leçon 3*
- *Les mots en action*
- *Visite guidée*
- *Expérience*
- *T'es cap?*

As leccións preséntanse de forma clara, atractiva e interactiva, con imaxes, vídeos e audios que axudan á comprensión, e onde a gramática e o vocabulario se mostran de forma integrada na situación de comunicación. Inclúense, ademais, actividades interactivas que reforzan o proceso de revisión e aprendizaxe.

O *Cahier d'exercices* é un complemento esencial para o alumno. Ofrécelle un gran número de actividades que seguen a progresión do *Livre de l'élève*, e que lle permiten reforzar e afondar na súa aprendizaxe. A cada lección correspóndelle unha sección de gramática e outra de vocabulario, e despois dedícanse unhas páxinas á comprensión escrita, á expresión escrita, ao vocabulario, á fonética e á ortografía.

O **caderno de gramática *Gramm'active***, que consta dunha páxina explicativa, unha páxina de actividades e un exercicio de produción escrita para cada obxectivo comunicativo.

A **banda deseñada *Morgane et les Morgans***, de Catherine Favret, que será traballada ao longo do curso como acción de contribución ao plan lector.

O **caderno persoal** do/da alumno/-a. Trátase dunha ferramenta fundamental para o alumnado, xa que nel tomarán nota das cuestións gramaticais, léxicas e fonéticas máis salientables e permitiralles repasar os contidos traballados na aula.

Material elaborado polo Departamento de Francés: fichas con actividades, documentos “pdf”, audios, vídeos, etc., relacionados cos contidos abordados na clase.

Para o profesorado:

***Livre du professeur* (“Expérience 3”, editorial Oxford)**

Na primeira páxina de cada unidade proporciónase unha información clara dos contidos que se van traballar. Cada unidade está dividida en seccións. Cada un deles apartados contén unha gran cantidade de información e de actividades que se desenvolverán na clase e numerosos consellos metodolóxicos para o traballo cotián do profesorado na aula. Consta ademais de transcricións, é dicir, toda a información contida nos audios, así coma un solucionario dos exercicios.

A maiores, inclúe o **solucionario do *Cahier d'exercices***.

Fiches d'évaluation.

Fiches DELF.

CD-Audio, con todos os audios do *Livre de l'élève*, do *Cahier d'exercices* e das *Évaluations et DELF*.

Carteis

Trátase dun material para expoñer na aula. Estes carteis teñen como finalidade traballar, no momento máis oportuno, o vocabulario específico e máis concreto de cada unidade.

Recursos dixitais para o profesorado e para a clase.

Na páxina web de Oxford Premium (www.oxfordpremium.es) existe unha grande variedade de recursos que axudarán ao profesorado a preparar e a desenvolver o seu traballo na clase: audicións, actividades interactivas, vídeos, proxectos web, recursos para o encerado dixital, material para imprimir (portfolio, avaliacións, fichas de lectura, xogos e actividades, transcricións) e programacións de aula.

4º E.S.O. (“En Spirale 4”, editorial Oxford)

Para o alumnado:

O *Livre de l'élève* consta dunha unidade 0 de toma de contacto e de seis unidades didácticas propiamente ditas, subdivididas en tres leccións cada unha, con *Découvertes*, *Balades en France*, *On fait le point!* e *Tâche globale* ao final de cada unha delas. As leccións preséntanse de forma clara e atractiva, con fotos e debuxos que axudan á comprensión, e nas que a gramática e o vocabulario se amosan de forma integrada na situación de comunicación.

O *Cahier d'exercices* é un complemento esencial para o alumno. Ofrécelle un gran número de actividades que seguen a progresión do *Livre de l'élève*, e que lle permiten reforzar e afondar na súa aprendizaxe. A cada lección correspóndelle unha sección de gramática e outra de vocabulario, e despois dedícanse unhas páxinas á comprensión escrita, á expresión escrita, ao vocabulario, á fonética e á ortografía.

O alumno dispón tamén dun **CD-MultiROM** que reúne nunha funda única un *CD de audio* que inclúe os documentos sonoros iniciais, os exercicios de fonética, os exercicios e o léxico do *Cahier d'exercices*. Por outra banda, ofrece numerosas actividades interactivas complementarias (exercicios de gramática, vocabulario, comprensión oral, fonética e culturais...) para repasar os contidos do *Livre de l'élève*.

Para o profesorado:

Livre du professeur: o libro está dividido en tres partes:

- **Primeira:** consellos metodolóxicos para a explotación das actividades. O/A profesor/-a poderá elixir a que mellor lle conveña para adaptarse á diversidade de grupos e aos intereses e ás necesidades dos alumnos.
- **Segunda:** explotación das sete unidades do *Livre de l'élève*. Para cada unidade:
 1. Presentación dos obxectivos e dos contidos.
 2. Consellos para o desenvolvemento da clase.
 3. Solución dos exercicios.
 4. Proposición de actividades complementarias.
 5. Transcrición dos documentos sonoros.
 6. Notas sobre aspectos de fonética ou de ortografía, enderezos *webs* interesantes, etcétera.
- **Terceira:** ao final do manual aparecen as transcricións e as solucións das actividades do *Cahier d'exercices*.

Os **CD de audio** (2) para o/a profesor/-a inclúen todos os documentos sonoros do libro do alumno.

Cahier d'évaluations + CD-Audio

O caderno ofrece varios tipos de avaliacións para que o profesorado dispoña de numerosas posibilidades á hora de proceder a avaliar:

- Avaliación inicial
- Avaliación das unidades sobre dous niveis de dificultade
- Avaliacións trimestrais sobre dous niveis de dificultade
- Avaliación final sobre dous niveis de dificultade
- Avaliación do DELF Junior

Nos anexos figuran as transcricións e as solucións das actividades.

Poster de phonétique.

Trátase dun material para a aula. Este cartel ten como finalidade traballar, no momento máis oportuno, a identificación de diferentes símbolos de fonética coa pronuncia dos fonemas dun uso frecuente e pararse en certos fonemas máis específicos da lingua francesa que representan un maior nivel de dificultade.

Guía DVD-ROM Oxford dixital. Recursos para o profesorado e para a clase.

Guía práctica cunha explicación polo miúdo do uso e da explotación dos diversos materiais dixitais. DVD-ROM completo cunha gran variedade de recursos que lle axudarán ao profesorado a preparar e a desenvolver o seu traballo na clase. O DVD-ROM organizase en diferentes seccións: *Banco de recursos*. Comprende materiais multimedia (audicións, actividades interactivas, vídeos, proxectos web, recursos para o encerado dixital) e material para imprimir (portfolio, avaliacións, xogos e actividades, transcricións, libro do profesor) organizados segundo as unidades do *Livre de l'élève*.



21) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Todo docente debe reflexionar sobre a súa actuación con respecto ao alumnado e á propia Programación Didáctica (materiais utilizados, planificación, motivación dos/das alumnos/-as, participación das familias, medidas de atención á diversidade, utilización das TIC, actividades de carácter interdisciplinar, etc.).

Existen moitos aspectos que o/a profesor/-a pode analizar tanto do proceso do ensino como da súa práctica docente; esta análise debe ser realizada de maneira reflexiva e con capacidade de autocrítica para que se converta nunha ferramenta de mellora continua, xa que, ao fin e ao cabo, esa é a súa finalidade principal.

Para sistematizar a devandita análise, o Departamento de Francés establece unha serie de ámbitos a avaliar e elabora indicadores de logro para cada un deles mediante o seguinte cuestionario que debe completar cada profesor/-a:

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
DIVERSIDADE					
1	Que fago para coñecer a composición da clase?:				
	- Realizar unha proba ao comezo do curso escolar				
	- Ler os informes anteriores				
	- Ver os resultados da última avaliación				
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, formar grupos, etc.				
3	A miña programación ten en conta a diversidade				
4	Dou a cada alumno/-a a explicación que precisa				
5	Plantexo exercicios de distinto nivel en cada unidade				
6	Teño en conta aos alumnos/-as que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo) e tomo medidas ao respecto				

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
1	Consulta a Programación Didáctica ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións pertinentes				
2	Recollo de maneira específica na programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais				
3	Dou a coñecer a programación ao alumnado: obxectivos, criterios de avaliación, metodoloxía, etc.				
4	A programación coincide co traballo levado a cabo na aula				
5	A temporización establecida na programación cúmprese segundo o previsto				
6	En caso de que veña un/unha substituto/-a, atopará na programación toda a información necesaria para desenvolver o seu traballo				

INDICADORES DE LOGRO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
TRABALLO NA AULA					
1	Os/As alumnos/-as traballan da seguinte maneira nas miñas clases:				
	- Individualmente				
	- Por parellas				
	- En grupos reducidos				
	- En grupos grandes				

2	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:				
	- Pechados, dirixidos, actividades do libro, etc.				
	- Abertos, diversos, proxectos, etc.				
	- Fomentan o traballo cooperativo				
3	Na metodoloxía que aplico:				
	- Utilizo ferramentas TIC				
	- Propoño actividades para fomentar a aprendizaxe autónoma				
	- Baséome nas explicacións teóricas e no libro				
4	Como paso as horas lectivas (promedio)?:				
	- Conseguindo silencio				
	- Impartindo teoría e explicacións				
	- Respondendo a preguntas, aclarando dúbidas				
	- Fomentando a participación, desenvolvendo prácticas				
	- Observando				
	- Corrixindo aos alumnos de maneira individual				
	- Corrixindo exercicios de maneira colectiva				
5	Explico de maneira clara e con exemplos os contidos traballados				
6	Resolvo as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo				

INDICADORES DE LOGRO					
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1	Fomento un bo ambiente na aula				
2	Promovo a participación do alumnado				
3	Proporciono ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe				
4	Manteño unha actitude positiva establecendo canles de comunicación para que o diálogo alumno(-a)/profesor(-a) sexa fluído dentro e fóra da aula				
5	Teño en conta os centros de interese do alumnado á hora de plantexar novos proxectos e actividades				
6	Doulle importancia ás opinións e críticas do alumnado con respecto á práctica docente				

INDICADORES DE LOGRO					
AVALIACIÓN		CASE NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1	Antes de comezar unha unidade ou un proxecto explico ao alumnado o que vou avaliar, con que frecuencia e en base a que avaliarei				
2	Utilizo diferentes tipos de probas:				
	- Probas escritas				
	- Probas orais				
	- Traballos individuais				
	- Traballos en equipo				
3	Unha vez rematada cada unidade ou cada proxecto didáctico avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe				
4	Informo con claridade ao alumnado sobre os resultados obtidos en cada proba				
5	Teño en conta a porcentaxe de aprobados en cada avaliación á hora de plantexar modificacións na práctica e metodoloxía docentes				

22) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Levarase a cabo unha **correspondencia de cartas** con alumnos e alumnas estudantes de español de diversos institutos franceses. Dependendo da situación sanitaria causada pola Covid-19, o envío de cartas realizarase ou ben por correo ordinario, ou ben a través de correo electrónico tras ser escaneadas polas profesoras responsables da actividade.
A correspondencia comezará no primeiro trimestre e terá continuidade ata finais do terceiro trimestre:
 - 1º de ESO: “Collège Lycée Expérimental”, en Hérouville Saint-Clair (Normandie). A profesora de español colaboradora nesta actividade é Rachel Duval.
 - 2º, 3º e 4º de ESO: “Collège Jean Rebier”, en Isle (Limousin). A profesora de español colaboradora nesta actividade é Delphine Dumont.
- Traballo con **libros** de nivel fácil para espertar o amor pola **lectura**.
- Audición de **cancións** de artistas franceses co obxectivo de realizar traballos de diferente índole coas mesmas (léxico, gramática, etc.).
- Estudo da civilización francesa mediante o visionado de **vídeos culturais, documentais, reportaxes...** e a lectura de textos extraídos de **revistas, xornais, blogs**, etc.
- **Montaxe de pequenos vídeos e presentacións** en lingua francesa, relacionados cos contidos traballados ao longo do curso.
- Proxección de **fragmentos de diferentes películas**, algunhas subtituladas para facilitar unha maior comprensión. Entre os diversos títulos que posúe o Departamento podemos destacar os seguintes:

Le petit Nicolas, Intouchables, La guerre des boutons, Demain tout commence, À fond, Astérix et Obélix contre César, Astérix et Obélix aux Jeux Olympiques, Les Choristes, Cyrano de Bergerac, Amélie, La bûche, Le gendarme extraterrestre, Taxi, Taxi II, Germinal, Le petit prince, Les Dalton, La vie en rose, L'arnacoeur, Le dîner des cons, Une heure de tranquillité...
- O Departamento de Francés quere manter ao día o seu **blog (BoqueFLE)** coa intención de publicar nel contidos relacionados coa actualidade e a cultura francesa. Dende o espazo adicado ao Departamento dentro da web oficial do centro existe unha ligazón a este blog para que todos aqueles que o desexen poidan visitalo e consúltalo. Preténdese que sexa o alumnado de 4º de E.S.O. o encargado de renovar os contidos do blog; a realización desta actividade está suxeita á dispoñibilidade da aula de Informática durante as sesións de Francés de 4º de E.S.O. ou á dispoñibilidade de equipos informáticos suficientes na propia aula de 4º de E.S.O.
- **Grupo en Facebook do Departamento de Francés (Boque Fle)**. De forma voluntaria, os/as alumnos/-as que así o desexen poderán formar parte do grupo coa intención de crear unha rede na que compartir contidos relacionados coa lingua francesa e calquera cuestión que teña que ver cos países francófonos (noticias, xogos, actividades, viaxes, música, vídeos, etc.).
- **Participación en concursos ou actividades de diversa índole** dos que o Departamento de Francés vaia recibindo información ao longo do curso e considere axeitados ao nivel do alumnado.

- Participación voluntaria no **concurso de carteis “Affiche ton français!”**, organizado pola Asociación de Profesores de Francés de Galicia. As bases do concurso adoitan ser publicadas no mes de maio; estaremos pendentes desa publicación para informar a todo o alumnado.
- Posibilidade de realizar unha **saída ao teatro** no 2º ou 3º trimestre se a situación sanitaria causada pola Covid-19 o permite.
- Posibilidade de organizar un obradoiro con temática relacionada coa **cultura/civilización francesa** para levar a cabo durante a **Semana Cultural** do noso centro (temática e data aínda por determinar) en caso de que se poida celebrar a Semana Cultural se a situación sanitaria causada pola Covid-19 o permite.

23) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O Departamento de Francés levará a cabo un seguimento exhaustivo da Programación Didáctica cunha periodicidade mensual.

Valoraranse os seguintes criterios nunha escala de 1 a 4:

- Valoración dos resultados acadados polo alumnado en cada avaliación e análise comparativa coa avaliación anterior.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas (xustificación dos posibles desaxustes).
 - Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar de aprendizaxe.
 - Adecuación dos materiais didácticos utilizados: libro de texto (ou libro dixital, de ser o caso), libros de lectura, audicións, vídeos, prensa...
 - Adecuación da metodoloxía proposta (medidas para optimizala).
 - Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas (orais/escritas), traballos (individuais/en grupo), observación na aula, etc.
 - Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar de aprendizaxe.
 - Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final ordinaria.
 - Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final extraordinaria.
 - Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento da materia pendente.
 - Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación da materia pendente.
 - Adecuación das medidas de atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
 - Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares realizadas (e xustificación daquelas que non se poidan levar a cabo).
 - Grao de emprego das TIC no desenvolvemento da materia.
 - Grao de contribución da materia ao plan de lectura do centro educativo.
 - Grao de satisfacción por parte do alumnado das actividades levadas a cabo ao longo do curso (valoración recollida a través dunha enquisa que se realizará a finais do terceiro trimestre).

Estas valoracións quedarán reflectidas de forma puntual no libro de actas do Departamento, así como na Memoria final de curso, tal e como se fixo no curso anterior:

PROPOSTAS PARA A MELLORA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (Memoria final do curso 2020/2021)	MODIFICACIÓN INCORPORADA
Revisar os criterios de cualificación	SI
Revisar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para 1º, 2º e 3º de E.S.O., xa que resulta moi complicado abordar todos os contidos marcados a principio de curso contando tan só con dúas sesións semanais. Tendo en conta, ademais, que para o alumnado estes son os primeiros anos de contacto cunha Segunda Lingua Estranxeira, consideramos que é preferible avanzar algo menos e deixar ben afianzados os novos coñecementos que están a adquirir.	SI

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (2021/2022)

En Boqueixón, a 15 de setembro de 2021

**Asdo: Eva González Rodríguez
(Xefa do Departamento)**